



ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA POLO SISTEMA DE MOBILIDADE.

O 13 de agosto de 2019 as 12:45 horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial o tribunal cualificador.

Asisten, como presidente Don Miguel Martínez Díaz, como vogais dona María Inmaculada Buján Arias, Don Manuel Díaz Meira e como secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- En primeiro lugar dáse conta ó tribunal das alegacións presentadas por Roberto Cameselle Fernández o 13/08/2019 con Re 12594.

Ditas alegacións estrutúranse en tres puntos independentes e diferenciados.

O primeiro deles, basease en que o aspirante considera que se lle deberían outorgar 2 puntos mais no apartado do baremo adicado Titulacións académicas, alegando que o título de diplomado en Xestión e Administración Pública equivale ó de grao, pola normativa que este alega.

O respecto o tribunal debe aclarar ó aspirante que como as bases indican: *“Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.”*

O aspirante aporta como titulacións :

O TÍTULO DE BACHILLER que non foi valorado por tratarse da titulación esixida para acceso ó á categoría á que se presenta.

O título de DIPLOMADO EN GESTIÓN Y ADMÓN PÚBLICA
MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN PÚBLICA Y LIDERAZGO INSTITUCIONAL.
CERTIFICADO DE APTITUD PEDAGÓGICA

No computable. Certificado válido exclusivamente a efectos de docencia.

O título de GRADO EN DIRECCIÓN Y GESTIÓN PÚBLICA

E o título de TÉCNICO ESPECIALISTA EN DEFENSA PERSONAL POLICIAL NIVEL 1

En aplicación do disposto nas bases que indican que non se valorarán aquelas titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada, o tribunal valora o MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN PÚBLICA Y LIDERAZGO INSTITUCIONA outorgándolle os 3 puntos correspondentes, e unha das titulacións de grao das que aporta o aspirante(DIPLOMADO EN GESTIÓN Y ADMÓN PÚBLICA e GRADO EN DIRECCIÓN Y GESTIÓN PÚBLICA) pois unha das dúas tivo necesariamente que servir como titulación de acceso a titulación superior de master xa valorada polo que en aplicación das bases unha das duas non pode ser valorada.



Motivo polo que procede desestimar a alegación na que o aspirante solicita se lle incrementen dous puntos no apartado de titulacións.

A segunda alegación relacionase co título aportado polo aspirante do CERTIFICADO DE APTITUDE PEDAGÓXICA, que o aspirante agora alegante entende equivalente ó actual master universitario en formación do profesorado.

Dita alegación debe ser tamén desestimada pois o propio certificado aportado polo aspirante para acreditar a superación do CAP di textualmente:

*“El certificado de aptitud pedagógica proporcionado por el título, **equivale a efectos de ejercicio profesional** al Master”*

Da propia redacción do certificado despréndese con total claridade que contar co CAP permite exercer coma profesorado de secundaria e bacharelato, non que o mesmo teña a consideración académica de master, pois se así fora a certificant e non introduciría dita aclaración a equivalencia.

Por último o aspirante agora alegante aporta xunto o escrito de alegacións a valoración realizada polo tribunal do concello de Lugo en procedemento de mobilidade.

Dito documento en nada inflúe no proceso selectivo que nos ocupa onde as bases que rexen o actual procedemento son aplicadas única e exclusivamente polo tribunal designado ó efecto. Sendo completamente irrelevante a valoración realizada noutro proceso por outro tribunal ó aspirante.

Por todo ó exposto, o tribunal desestima as alegacións que nos ocupan e confirma as puntuacións outorgadas ó aspirante don Roberto Cameselle Rodríguez en acta de 8 de agosto do 2019.

Non habendo mais asuntos que tratar sendo as 13:45 o señor presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.

PRESIDENTE

VOGAIS

SECRETARIA